



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroen

REUNIÓN

Dirección-Rep. Sindical (5-03-10)

A Dirección convocou a unha Representación dos Sindicatos para informar de:

Proceso da reestruturación.-

Embutición.- Nas liñas 8, 9 e 3, suspéndese as quendas de Fin de Semana, namentres na liña 6, traballará a 3 quendas de luns a venres, e crearase un equipa de Fin de Semana, que serían sobre 8 traballadores, de sábados tarde e domingos noite. Neste caso recorrerase a voluntariedade.

Ferraxe M.59.- Durante Abril e Maio habilitaranse 3 quendas de 13 persoas, para adiantar produción, tendo en conta que no mes de Xuño cesa a actividade neste taller.

Ferraxe N.68 (nave D).-Este colectivo a partir do mes de Abril pasará a 2 quendas, compartindo actividade coa liña do B.58. Neste caso, veranse tamén afectados o colectivo de profesionais. Dende a C.I.G. transmitímoslle que se respecte o oficio e funcións que viñan realizando. A Dirección matiza que só afectaría os Monitores.

Lacas II.- En Abril pasarían á quenda Central, con algo de impacto en Lixado (unhas 16 persoas).

A continuación entrouse nos cambios e finalizacións de contratos.

Cambios: A C.I.G. segue entendendo que ós traballadores/as asístenos o dereito a unha comunicación previa de 30 días, que non se respecta, tal como informamos na nota anterior. Reiteramos pois que os/as que necesiten dito período, se lles teña en conta. Neste tema a C.I.G. puxo o acento no persoal con limitacións. Que non nos atopemos con cambios de persoal **limitado-adaptado** sen estudar antes o novo posto pola propia Comisión.

Finalización contratos.- En canto os criterios sobre os traballadores/as Eventuais que se verán afectados no mes de Abril, atendendo as peticións que na Reunión do pasado día 26 foron formuladas pola C.I.G., a respecto de que contasen coas prestacións por desemprego, a Dirección manifesta que seguiran unha orde nese sentido.

Bolsa de Horas.- A Dirección considera dende hoxe aberto o período de consultas co Comité para tratar a posible **modificación do Documento da Bolsa de Horas**.

Prima de Participación.- Segundo a Dirección dados os Resultados do Grupo, **non corresponde**

COMENTARIO:

Como observaredes, tratar estes temas que tanto impacto ten nos traballadores/as, a C.I.G. considerou que este non era o foro adecuado, as reunións do chamado "Petit-Comité" naceron coa finalidade de informar de temas puntuais, por iso, defendemos que estas materias deben ser tratadas co Pleno do Comité. Con independencia desta importante formalidade, para nós, e pola transcendencia que ten nos traballadores/as, é importante ter claro os dereitos que temos o respecto, e ante calquera dúbida, contades cos Delegados/as para o voso asesoramento.

Axudas.- Finalmente, no día de hoxe, acabase de saber, que dos 250 millóns que o Goberno decidiu destinar como axudas o Sector, veu de concederlle a nosa Planta, preto de 30, cifra pequena a respecto das Inversións previstas a realizar polo Grupo. Pero si temos en conta a cantidade total, representa case un 12%, porcentaxe lixeiramente superior as recibidas no 2009. Axudas Públicas que deben contribuír o mantemento dos postos de traballo.

Confederación Intersindical Galega